



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN/HA EDUCADOR/A SOCIAL:

1º.- OBJETO.-Ten por obxecto esta convocatoria a contratación laboral temporal, a tempo parcial (vinte e cinco horas semanais), dun/ha educador/a social, do 01-10-2017 ao 30-11-2017.

O tempo diario de traballo será de cinco horas, de luns a venres, distribuídas a criterio da Alcaldía en función das necesidades das persoas que debe atender, e a retribución por ditos servizos será a parte proporcional da establecida no Convenio Colectivo Estatal do Sector de Acción e Intervención Social, para dito período.

O obxecto da contratación é a execución dun programa de igualdade para a inclusión financiado pola Deputación de Pontevedra.

As funcións das prazas son:

1. Analizar e diagnosticar a realidade en relación á igualdade de xénero.
2. Deseñar, implementar, xestionar e avaliar actividades, programas e proxectos para promover a igualdade de oportunidades:
 - 2.1. Elaboración de itinerarios personalizados para a inclusión.
 - 2.2. Formación en cooperativismo laboral
 - 2.3. Posta en marcha dun banco do tempo municipal.

2º.- CONDICIONES DOS ASPIRANTES.-

- Deberán ser maiores de 16 anos, españois ou cidadáns de países membros da U.E., non padecer defecto físico ningún que impida o desenvolvemento das funcións propias do cargo e estar en posesión do título de diplomatura universitaria en educación social, do título de grao en educación social ou da habilitación para o exercicio profesional da educación social concedida por algúns Colexios Profesionais de Educación Social. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán presentar homologadas.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. (Acreditarase mediante certificado médico)

3º.- INSTANCIAS.- Darase de prazo ata o día 26 de setembro de 2017 ás 13:00 horas para a presentación de solicitudes no concello por parte dos interesados, a partir da convocatoria no taboleiro de anuncios do concello e en periódico de ámbito provincial. Xunto coas solicitudes presentarase a documentación acreditativa dos méritos e condicións que aleguen os aspirantes, agás o certificado medico, que deberá presentar unicamente o seleccionado, antes do día 30 de setembro de 2017.



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 2^a, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Copia cotexada do título/habilitación esixido nas presentes bases.
- Copia cotexada do/s certificados de formación en materia de igualdade, cunha duración mínima de 100 h.
- Declaración xurada de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incursa/o en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso. Nesta relación de méritos a persoa aspirante realizará unha autovaloración da puntuación que estime sobre os méritos alegados
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgúnha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4^a.-TRIBUNAL.- O Tribunal de selección estará integrado polos membros seguintes:

Presidente: José María Santaló Rodríguez (Secretario do concello)

Secretario: María del Rosario González Sánchez (Traballadora social do concello)

Vocal: Mónica Barreiro Estévez (Traballadora social do Concello da Lama)

5^a.- SELECCIÓN.- O día 26 de setembro de 2017, ás 13:30 horas, reunirase o tribunal, e á vista da documentación presentada, formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde, conforme co art. 61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro.

O tribunal queda facultado para que, unha vez vistos os expedientes, poida realizar ós aspirantes unha entrevista persoal ou unha proba obxectiva. Para ditos efectos, os solicitantes deberán presentarse no concello ás 13:30 horas do día 26 de setembro de 2017.

A selección, na fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, ata un máximo de 10 puntos, consonte ao seguinte baremo, no que terán preferencia os candidatos que contén con certificados de formación en materia de igualdade, cunha duración mínima de 100 horas:



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

a) Experiencia profesional: (Ata un máximo de 5,00 puntos)

- Polos servizos prestados por conta allea en pazas de educador/a social, técnico/a de igualdade ou categoría equivalente: 0,15 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior a 15 días.

Acreditarase documentalmente presentando orixinais ou copias cotexadas do informe de vida laboral acompañado ineludiblemente polos contratos de traballo alegados.

A puntuación dos contratos prestados en réxime de xornada parcial reducirase proporcionalmente á duración da xornada.

b) Formación (Ata un máximo de 4,75 puntos)

b.1) Cursos de formación, recibidos e acreditados, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza e co ámbito da igualdade de Oportunidades, a Inclusión social e a orientación laboral e que fosen convocados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas, Universidades ou Colexios profesionais. (Ata un máximo de 4,25 puntos)

b.1) Coñecemento de informática: Cursos sobre aplicacións informáticas de tratamiento de textos, follas de cálculo, bases de datos, internet e/ou correo electrónico e outras aplicacións directamente relacionadas coas funcións das prazas. Realizados nos 10 anos anteriores ao remate do prazo de presentación de instancias e impartidos por entidades públicas e privadas. (Ata un máximo de 0,5 puntos).

Valoración dos cursos e disposicións comúns para os subapartados B.1 e B.2

Por cada hora de curso de mas de 10 horas: 0,004 puntos.

O xurado deberá actuar coa diligencia necesaria para que os contratados poidan comezar a prestar servizos o 1 de outubro de 2017."

As presentes Bases foron aprobadas pola xunta de goberno local do Concello de Fornelos de Montes en sesión celebrada o día un de setembro de douce mil dezasete.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez

O SECRETARIO

José María Santaló Rodríguez

